




Ficha Técnica

Proxecto Comenius

Vigo'09



Proxecto Comenius
Vigo'09

Organiza:



Colabora:



Promociona:



Two week primary teachers' project

CONCELLERÍA
DE EDUCACIÓN



QUE É O PROXECTO “Two Week Primary Teacher´s Project. Comenius”

É un **Proxecto de inmersión e mobilidade de profesores Británicos** financiado polo Department for Education and Skills (Departamento de Educación e Destrezas) dependente do British Council e da Comisión Europea, baseado nun programa de inmersión lingüística, traballo conxunto nos centros e experiencias culturais que se levan a cabo entre profesores de centros do Reino Unido e profesores de centros europeos. Para que este programa de inmersión sexa completo, os profesores británicos participantes no proxecto, teñen que hospedarse na casa dun profesor-anfitrión, recibindo unha axuda económica 400 € pola súa manutención durante as dúas semanas que dura o proxecto.

QUÉN XESTIONA O PROXECTO

A empresa especializada Espazo Ensina S.L encargárase en todo momento da xestión e organización da estancia do profesorado británico, agás nos momentos en que o profesor británico estea co anfitrión ou no centro.

DESENVOLVEMENTO E DURACIÓN DO PROXECTO

Dúas semanas, do 18 o 31 de Outubro

- Unha 1ª semana de formación de español para os profesores británicos impartidas polas mañáns por Espazo Ensina S. L nas dependencias do CEFORE-VIGO, sito no Instituto Municipal de Educación (IME)
- Unha 2ª semana de estancia no centro

NÚMERO DE PARTICIPANTES E DATAS DA ESTANCIA

12 Profesores Británicos que chegarán a nosa cidade o día 18 ata o 31 de outubro.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR

- **Nomear un Profesor de Inglés do Centro como Profesor participante no vindeiro Proxecto de mobilidade internacional e actualización metodolóxica do profesorado:** A non Identificación do profesor NON exclúe a participación neste Comenius Vigo 09. Daráselle prioridade aqueles centros que presenten a “solicitud de participación” co profesor identificado. (máis información no documento explicativo anexo).
- **Nomear un Coordinador/Titor** do Proxecto no Centro (preferiblemente o profesor/a de inglés)
- **Nomear un Anfitrión** do Profesor Británico no Centro (O Coordinador/Titor do proxecto no centro e o Anfitrión, pode ser a mesma persoa pero o ideal é que sexan profesores diferentes)

COMPROMISO DO CENTRO

COORDINADOR/TITOR DO PROXECTO NO CENTRO

- Asistir ás reunións informativas previas
- Informar ao director/a, claustro e o resto da comunidade educativa da visita e estancia dun profesor británico no centro coas implicacións que iso con leva.
- Estar en contacto co anfitrión para ter unha boa coordinación da estancia do profesor inglés en todo momento
- Asistir á recepción oficial no Concello (en caso de celebrarse).
- Amosar as instalacións do colexio e ensinar as regras básicas de funcionamento ao Profesor Inglés.
- Facer un horario consensuado co docente inglés para que visite os niveis educativos do centro que máis lle interesen.
- Xestionar cos compañeiros/as do centro a visita do profesor inglés nas súas clases.
- Traballo en equipo co profesor inglés planificando polo menos dúas sesións/unidades didácticas.
- Involucrar ao profesor inglés nas rutinas diarias do colexio (clases, gardas, reunións, recreos, cafetería, claustro, etc)
- Facilitar información de como está organizado o sistema educativo español para que así poida establecer comparacións co sistema inglés
- Completar o cuestionario final (Training evaluation) sobre a estancia do profesor inglés e envialo dentro do prazo establecido

ANFITRIÓN DO PROFESOR BRITÁNICO

- Asumir a manutención do profesor inglés e a estancia polo que recibirá 400 €.
- Coordinarse co profesor inglés para o transporte dende casa ata o colexio e viceversa e nos casos que o requira puntualmente.
- Coordinarse con Espazo Ensina S.L para o transporte a lugares acordados.
- Estar en contacto co profesor-titor para ter unha boa coordinación da estancia do profesor inglés en todo momento
- Asistir á recepción oficial no concello

PRAZOS A TER EN CONTA

- **Cumplimentación da “Solicitud de Participación”:** segundo indican as instrucións da mesma, antes do 5 de Outubro.
- **Preparación Documentación Centros Seleccionados:** Entre o 5 e o 7 de Outubro o Servizo de Educación e Ensina, prepararán a documentación de apoio aos centros participantes e se farán os emparellamentos cos profesores británicos. E comunicará os Centros escollidos para participar.
- **Reunión cos Centros participantes:** Xoves 8 de Outubro ás 18:30 da tarde no Paraninfo do propio Servizo de Educación, terá lugar unha reunión informativa cos centros participantes coa finalidade de presentar todos os pormenores do Proxecto COMENIUS VIGO 09.